

Primaria

Relixión 1

Programación

Unidade 9

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxes avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Os meus mellores comportamentos

Descrición da unidade

Nesta unidade, o centro de interese son os bos comportamentos.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de xeito atractivo e motivador, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- As virtudes exemplares que Xesús ensinou.
- Saber aplicar á propia vida os valores e virtudes que xorden das ensinanzas de Xesús.
- O relato bíblico «Xesús e os nenos».
- O valor da boa educación.

Temporalización:

Febreiro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Valorar a importancia de realizar bos comportamentos na vida diaria.
2. Descubrir as virtudes exemplares que ensinou Xesús.
3. Recoñecer as palabras e virtudes que realiza Xesús no relato bíblico.
4. Comprender a importancia de practicar o valor da boa educación.

3. CONTIDOS DA UNIDADE-CRITERIOS DE AVALIACIÓN-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXES AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> Os bos comportamentos na vida diaria. 	1. Observar e identificar bos comportamentos.	1.1. Indica bos comportamentos na vida diaria. 1.2. Describe un bo comportamento que realiza coa súa familia e os seus amigos.
<ul style="list-style-type: none"> As virtudes exemplares que Xesús ensinou. 	2. Saber aplicar á propia vida os valores e as virtudes que xorden das ensinanzas de Xesús.	2.1. Enumera accións que o Señor realiza para ser mellores fillos de Deus. 2.2. Sabe como lle chamamos os cristiáns aos comportamentos exemplares de Xesús.
<ul style="list-style-type: none"> O relato bíblico «Xesús e os nenos». 	3. Descubrir dous comportamentos que realiza Xesús no relato bíblico «Xesús e os nenos».	3.1. Recita as palabras que di Xesús no relato bíblico «Xesús e os nenos». 3.2. Identifica no relato bíblico as virtudes que Xesús realiza.
<ul style="list-style-type: none"> O valor da boa educación para ser amables cos demais. 	4. Recoñecer en situacións da vida diaria o valor da boa educación.	4.1. Expresa mediante un comportamento o valor da boa educación. 4.2. Mostra interese por practicar o valor da boa educación.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Indica bos comportamentos na vida diaria.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da páxina dupla de apertura de unidade do LA.
1.2. Describe un bo comportamento que realiza coa súa familia e os seus amigos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
2.1. Enumera accións que o Señor realiza para ser mellores fillos de Deus.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha de reforzo dos RF. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD. • Proxecto proposto na PD.
2.2. Sabe como lle chamamos os cristiáns aos comportamentos exemplares de Xesús.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD. • Ficha de ampliación dos RF.
3.1. Recita as palabras que di Xesús no relato bíblico «Xesús e os nenos».	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do apartado «A Biblia» do LA. • Actividades propostas na PD.
3.2. Identifica no relato bíblico as virtudes que Xesús realiza.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do apartado «Repaso da unidade. A historia da Biblia» do LA.
4.1. Expressa mediante un comportamento o valor da boa educación.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
4.2. Mostra interese por practicar o valor da boa educación.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	• Usa correctamente os termos relacionados coa unidade.
	<i>Plan lector:</i> Gozar coa lectura.	• escoita a historia inicial e o relato bíblico da unidade.
<i>Competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	• Realiza actividades mediante a utilización de códigos.
<i>Aprender a aprender</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a seguir no proceso de aprendizaxe.	• Inicia e continúa a aprendizaxe.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	• Usa a atención, a concentración e a memoria para o desenvolvemento das actividades da unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	• Desenvolve os valores propios como a boa educación.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	• Selecciona con criterio propio para o bo termo das cuestións formuladas.
	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	• Participa de forma activa nas actividades de aprendizaxe.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	• Expressa a propia capacidade artística mediante elementos plásticos.
<i>Competencia humanizadora</i>	Involucrarse ou promover accións cun fin social cristián.	• Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia ético-social</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	• Desenvolve valores como a responsabilidade, a solidariedade e a caridade fundamentadas na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
<i>Competencia de sentido transcendente</i>	Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.	• Valoración das respostas dadas aos interrogantes da vida.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Os meus mellores comportamentos

- Identificamos as ideas previas no LA.
- Complementamos coas suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 2: Practico bos comportamentos

- Realizamos as actividades do LA.
- Complementamos con actividades da PD.

Tarefa 3: Os comportamentos de amor de Deus

- Realizamos as actividades do LA.
- Complementamos con actividades da PD.
- Realizamos outras actividades traballando a aprendizaxe cooperativa como propón a PD.
- Complementamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 4: A Biblia: Xesús e os nenos

- Realizamos as actividades do LA.
- Complementamos con actividades da PD e con actividades interactivas do LD.

Tarefa 5: Valores humanos e cristiáns: A boa educación

- Realizamos as actividades do LA.
- Complementamos coas actividades da PD.

Tarefa 6: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades da unidade do LA.
- Complementamos coas actividades da PD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: reunir os alumnos en grupos de 3 ou 4 alumnos e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Relixión:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Libro de oracións.
- Murais.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- CD de audio de cancións e relatos bíblicos.

Actividades complementarias e extraescolares

- Actividades do libriño de oracións.
- Actividades da proposta didáctica.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?